

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O
CONCELLO DE VALGA PARA A RENOVACIÓN DOS RESPALDOS E ASENTOS DAS
BUTACAS NO AUDITORIO DE CORDEIRO – VALGA.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar co Concello de Valga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Valga para a renovación dos respaldos e asentos das butacas no Auditorio de Cordeiro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O auditorio municipal de Valga é o principal motor de promoción cultural do municipio. Neste auditorio realízanse a gran maioría de actividades culturais municipais, dende actuacións musicais, obras de teatro, sesións de cine, cursos, actos públicos e outras actividades culturais. Este edificio acolle, ademáis, a Escola de Música Municipal e o Centro Superior de Música de Galicia, entre outros, os cales realizan diversos actos, ensaios, actuacións e concertos. As butacas do auditorio atópanse actualmente nun estado bastante deficiente, o tapizado está desgastado, desaxustado, e o recheo interior atópase en malas condicións, polo que é precisa a súa renovación para poder facer o servizo ao que están destinadas e manter nun bo estado este mobiliario de uso recorrente por tantas persoas.

Por todo o anterior, o concello de Valga é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

